

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2023

10 de xullo do 2023

A CIG “NON” ASINA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2023

Malia que a Admon e os medios de comunicación negan a existencia da CIG, e por moito que lles pese, a CIG está na Mesa Xeral de Negociación da Admon Xeral do Estado xunto con CSIF, UGT, CCOO e o sindicato vasco ELA.

A CIG foi convocada o día 10 de xullo a Mesa Xeral de Negociación da AXE co un único punto na orde do día: “PROPOSTA ACORDO MESA XERAL DA AXE SOBRE OFERTA EMPREGO PÚBLICO PARA 2023”. Esta proposta foinos remitida 12 horas antes.

Este documento carecía de ningún dato numérico de prazas a convocar, nin dun desglose de cifras a nivel sectorial. Datos que foron requiridos e que a admon se negou a facilitar, o que impediu a posibilidade de saber cantas prazas son de novo ingreso, cantas de promoción interna, cantas de persoal laboral, cantas de persoal funcionario, e saber se estamos ante un incremento real de efectivos que permita compensar a perda continua de persoal nestes últimos lustros.

A intención da admon goberno do PSOE non era outra que cubrir o trámite obrigado por lei de pasar a OEP pola mesa de negociación, e así o manifestou a CIG, denunciando este xeito de proceder, quedando claro a nula disposición do goberno do PSOE a negociar, e de utilizar a OEP 23 como propaganda electoral.

A CIG manifestou que non podía avaliar unha proposta segada, que carece de datos reais que garantan unha aposta clara polos servizos públicos que se atopan colapsados que obvia os atrancos que están a ter as anteriores convocatorias de OEP aínda sen desenvolver.

A CIG reclamou a necesidade dun calendario real das convocatorias, xa que aínda hai convocatorias pendentes dende o ano ¡¡ 2018!! de persoal laboral, e dos anos 2019, 2020 e 2021 de funcionarios, denunciando a falta de celeridade dos procesos selectivos, a necesidade de suprimir a taxa de reposición, etc. son problemas que compre afrontar nesta OEP 2023.

En resumo, a CIG NON APROBOU esta proposta de OEP 2023 por entender que non deriva de unha negociación real da Mesa Xeral, e que só serve de propaganda para maior gloria do goberno do PSOE.

Galiza a 10 de xullo do 2023